



| Guía Docente          |   |                    |   |           |
|-----------------------|---|--------------------|---|-----------|
| Datos Identificativos |   |                    |   | 2024/25   |
| Asignatura (*)        | Práctica Sustantiva Penal   |                    | Código  | 612553008 |
| Titulación            | Máster Universitario en Avogacía e Procuraduría   |                    |   |           |
| Descriptores          |   |                    |   |           |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo  | Créditos  |
| Mestrado Oficial      | 2º cuatrimestre   | Primeiro           | Obrigatoria   | 5         |
| Idioma                | CastelánGalego  |                    |   |           |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |   |           |
| Prerrequisitos        |   |                    |   |           |
| Departamento          | Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónDereito PrivadoDereito Público  |                    |   |           |
| Coordinación          | Rodríguez López, Silvia   | Correo electrónico | s.rodriguez@udc.es                                  |           |
| Profesorado           | Fuentes Loureiro, María Ángeles<br>Rodríguez López, Silvia  | Correo electrónico | maria.fuentes.loureiro@udc.es<br>s.rodriguez@udc.es |           |
| Web                   |   |                    |   |           |
| Descripción xeral     | Obxectivo xeral: a formación ten por obxecto que o alumnado adquira as habilidades, actitudes e coñecementos en materia de dereito substantivo e procesual penal, en relación co asesoramento dos intereses encomendados, a análise e redacción de documentos xurídicos, dirección de procedementos xudiciais e, en xeral, ao correcto exercicio da profesión neste ámbito.<br><br>Os obxectivos deben complementarse cos correspondentes ás áreas de deontoloxía, materias instrumentais e transversais. |                    |   |           |

| Competencias / Resultados do título |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe   |                                     |  |
|---|-------------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |  |
| Coñecemento especializado dun aspecto relacionado cunha das materias do Mestrado.   |                                     |  |
|   |                                     |  |
| Coñecer o papel do Dereito Penal e do Dereito Administrativo sancionador como medios formais de control social integrados nun ordenamento xurídico complexo   |                                     |  |
| - Estudar as formas de criminalidade cuxas modalidades de comisión experimentaron unha importante transformación no ámbito dixital.   |                                     |  |
| - Analizar esta nova modalidade de delincuencia dende una perspectiva criminolóxica, abordando as novas formas de tipificación destes comportamentos delictivos.                                    |                                     |  |
| - Estudar as novas estratexias no ámbito da ciberseguridade e a ciberdefensa, atendendo ás esixencias que a sociedade dixital impón á xestión destas políticas tanto internacionais como nacionais. |                                     |  |
| Coñecemento especializado dun aspecto relacionado cunha das materias do Mestrado.   |                                     |  |
| - Estudar as formas de criminalidade cuxas modalidades de comisión experimentaron unha importante transformación no ámbito dixital.   |                                     |  |
| - Analizar esta nova modalidade de delincuencia dende una perspectiva criminolóxica, abordando as novas formas de tipificación destes comportamentos delictivos.                                    |                                     |  |
| - Estudar as novas estratexias no ámbito da ciberseguridade e a ciberdefensa, atendendo ás esixencias que a sociedade dixital impón á xestión destas políticas tanto internacionais como nacionais. |                                     |  |



Obxectivo xeral: a formación ten por obxecto que o alumno/para adquira as habilidades, actitudes e coñecementos en materia de dereito substantivo e procesual penal, en relación co asesoramento dos intereses encomendados, a análise e redacción dos documentos xurídicos, dirección de procedementos xudiciais e, en xeral, ao correcto exercicio da profesión neste ámbito.

Os obxectivos deben complementarse cos correspondentes ás áreas de deontología, materias instrumentais e transversais.

#### 1. Xurisdición penal do menor.

Obxectivos: coñecer o ámbito da xurisdición de menores. Coñecer os principios que a informan. Diferenciar as peculiaridades procedimentais desde o momento da detención do menor.

Coñecer aos distintos intervenientes no procedemento e especialmente as funcións do equipo técnico. Coñecer as medidas que se poden adoptar na xurisdición.

Habilidades: realización de escritos procesuais na xurisdición de menores. Valorar a conveniencia da mediación para a resolución dos expedientes. Diferenciar as especialidades de defensa

e acusación en materia de menores.

Actitudes: informar con claridade ao menor da tramitación dos expedientes e o resultado posible. Valorar a posibilidade da mediación. Informar o cliente do sistema de execución de medidas.

Informar os pais ou tutores legais do alcance da responsabilidade civil en materia de menores.

#### 2. O proceso #ante o tribunal militar.

Obxectivos: coñecer o ámbito da xurisdición penal militar. Coñecer os principios que a informan. Coñecer as especialidades da xurisdición.

Habilidades: realización de escritos procesuais na xurisdición penal militar. Valorar a conveniencia da conformidade. diferenciar as especialidades de defensa e acusación en materia penal militar.

Actitudes: informar con claridade ao cliente da tramitación e o resultado posible.

#### 3. Procesos relativos a violencia de xénero.

Obxectivos: coñecer as diferenzas entre violencia de xénero e doméstica. Coñecer o tratamento procesual de ambas as formas de violencia. Coñecer as medidas cautelares. Coñecer o sistema e aplicación da orde de protección. Coñecer a competencia do xulgado de violencia. Coñecer o tratamento asistencial e psicolóxico da muller maltratada. Coñecer a lexislación na materia.

Coñecer os programas de actuación vixentes. Coñecer os mecanismos de control e seguimento da vítima de malos tratos.

Habilidades: preparar o procedemento desde o punto de vista da defensa e da acusación. Prever as posibles medidas cautelares. Asegurarse da competencia do xulgado de violencia.

Elaborar escritos procesuais en solicitude de medidas. Saber interrelacionar esta área do dereito penal con outras: familia, civil, administrativo...

Actitudes: asesorar de forma correcta na materia ás vítimas de violencia. Ser capaz de informar sobre o tratamento asistencial e psicolóxico á vítima. Informar correctamente os programas de actuación das distintas administracións públicas para as vítimas de violencia.

#### 4. Os delitos más comúns na práctica xudicial.

Obxectivos: coñecer a lexislación que afecta aos distintos tipos delituosos. Coñecer as probas más habituais relacionadas cos distintos tipos: testifica, recoñecemento en roda. Valoración de obxectos sustraídos, proba pericial dactiloscópica, proba de alcoholémia, análise de substancias estupefacientes? Coñecer a xurisprudencia na materia.

Habilidades: actuar con dilixencia na asistencia ao detido @teniendo en cuenta o tipo delituoso imputado. Manexar adecuadamente os distintos medios de proba para os tipos más frecuentes de delito.

Solicitar correctamente as probas necesarias.

Actitudes: facilitar ao cliente a máxima información sobre o feito imputado e a súa consecuencia xurídica. Valorar a transcendencia do atestado e os medios de investigación nos distintos tipos delituosos. Examinar a instrución e a legalidade dos medios de proba.

Adquisición das técnicas e hábitos necesarios para levar a cabo unha investigación.



|  |  |  |  |
|--|--|--|--|
| Coñecer a norma penal e a administrativa sancionadora na súa estrutura interna, a súa interpretación e a súa aplicación tempo-espacial |  |  |  |
| Adquisición das técnicas e hábitos necesarios para levar a cabo unha investigación.  |  |  |  |
| Capacidade para dialogar con persoas expertas e non expertas na materia obxecto do TFM.  |  |  |  |
| Coñecer a infracción penal nos seus elementos constitutivos, especialmente as súas consecuencias xurídicas                             |  |  |  |
| Capacidade para dialogar con persoas expertas e non expertas na materia obxecto do TFM.  |  |  |  |
| Analizar uns feitos concretos e argumentar a existencia ou non de responsabilidade penal / administrativa                              |  |  |  |
| Coñecer o procedemento administrativo sancionador  |  |  |  |

## Contidos

| Temas   | Subtemas  |
|---|---|
| 1.- Xurisdicción penal do menor                 | Contidos: ámbito de aplicación da lei do menor. Procedemento: incoación do expediente, informe da equipa técnico, remisión do expediente ao xulgado de menores, fase de audiencia. As medidas. Os recursos. Execución de sentencia. A responsabilidade civil. |
| 2.- O proceso ante o tribunal militar           | Contidos: ámbito de aplicación da lei penal militar. Procedemento: instrucción e xuicio oral. As penas. Os recursos. Execución de sentencia.  |
| 3.- Procesos relativos á violencia de xénero    | Contidos: especialidades procesuais. Tratamento da vítima. Os delitos sexuais e de violencia de xénero. Outras cuestiós relacionadas coa violencia de xénero.   |
| 4.- Os delitos mais comúns na práctica xudicial | Contidos: delitos contra o patrimonio, delitos contra a saúde pública, delitos contra a seguridade do tráfico, delitos medioambientais, outros delitos.   |

## Planificación

| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Estudo de casos        |                           | 10                                      | 30                      | 40           |
| Sesión maxistral       |                           | 10                                      | 30                      | 40           |
| Saídas de campo        |                           | 4                                       | 0                       | 4            |
| Obradoiro              |                           | 4                                       | 14.5                    | 18.5         |
| Atención personalizada |                           | 10                                      | 0                       | 10           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

| Metodoloxías     | Descripción   |
|------------------|---|
| Estudo de casos  | Estudo, valoración e análisis de supostos prácticos referidos aos contidos da materia. Metodoloxía onde o suxeito se confronta ante a descripción dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |
| Sesión maxistral | Explicación da materia obxecto do módulo. Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reserva a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.                                       |



|                 |   |
|-----------------|---|
| Saídas de campo | Visitas a institución xudiciais e penitenciarias.<br>Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudio da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc. |
| Obradoiro       | Realización de xuizos simulados e similares.<br>Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.   |

#### Atención personalizada

| Metodoloxías    | Descripción  |
|-----------------|--|
| Obradoiro       | Atención personalizada continua por parte do profesor. |
| Estudo de casos |  |

#### Avaliación

| Metodoloxías    | Competencias / Resultados | Descripción   | Cualificación |
|-----------------|---------------------------|---|---------------|
| Obradoiro       |                           | valoración de las actividades realizadas por el alumno                      | 15            |
| Estudo de casos |                           | valorarase especialmente o razoamento do estudiantado no desenrollo do caso | 85            |

#### Observacións avaliación

Relizarase unha proba teórico-práctica cunha ponderación do 50% da nota final. A avaliación continua das actividades dentro e fora da aula terá unha ponderación do 50% da nota final.

#### Fontes de información

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| Bibliografía básica         | · Álvarez García, F.J., Código Penal y Ley Penal del Menor, Tirant lo Blanch, Valencia, 2023.- León Villalba, F.J., Bases del derecho penal militar español, Iustel, Madrid, 2016.- Muñoz Conde, F., Derecho penal. Parte general, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2023..- Orts Berenguer, E., et. al., Compendio de Derecho penal Parte General, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2023.. González Cussac, J.L., et al., Derecho penal. Parte especial, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2023.. Martínez-Buján Pérez, C., Derecho penal económico y de la empresa. Parte especial, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2023.Ao fío das leccións poderanse poñer ao dispoñer do estudiantado otros materiais bibliográficos que permitirán profundar en temas concretos. |
| Bibliografía complementaria |   |

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías